




CURIOSIDADE DE SETEMBRO: RELACIÓNS COMERCIAIS DA CULTURA CASTREXA: OS COMERCIANTES PÚNICOS



Doa de pasta vítrea de filiación púnica do Castro de Vigo.



Ánforas púnicas.



Antes da chegada dos romanos a estas terras, as sociedades castrexas mantiveron contactos con outras culturas, coas que trocaron manufacturas, mercadorías e ideas. Un destes grupos foron os comerciantes púnicos, que dende o século IV a.C. comerciaban coas sociedades indíxenas castrexas; posiblemente foron eles os que introduciron elementos tan importantes como os muíños circulares, a escultura en pedra, ou a ourivería. A maiores dos intercambios económicos, tamén trouxeron novas ideas e innovacións sociais: téñense atopado construcións púnicas cunha clara intencionalidade relixiosa nalgúns castros das Rías Baixas. Como sempre, na caseta de acceso ao xacemento poderedes pedir información máis extensa sobre este tema.